

CERTIFICACIÓN

José Rogelio Pardo Martínez, secretario accidental do Concello de Ames (A Coruña)

Certifico: Que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día 20 de marzo de 2026, adoptou, entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

PUNTO TERCEIRO. APROBACIÓN DAS BASES DA CONVOCATORIA DE BOLSAS PARA DEPORTISTAS DO CONCELLO DE AMES NO ANO 2026. EXPEDIENTE GD 2062/2026

No Plan estratéxico de subvencións para o período 2026-2027, aprobado polo Pleno de 29.01.2026, recóllese a seguinte liña de axudas:

LINEA DE SUBVENCIÓN	BOLSAS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DO CONCELLO DE AMES
OBXECTIVOS	Estas bolsas pretenden apoiar aos/as deportistas individuais de Ames, como medio para promover o deporte do municipio e, desta forma, conseguir logros deportivos para o Concello.
EFFECTOS PRETENDIDOS	Con estas bolsas preténdese axudar á práctica e ao rendemento deportivo, tanto en relación ao perfeccionamento técnico e á obtención de maior rendemento nas respectivas modalidades deportivas, como facilitando a súa participación en competicións deportivas de alto nivel.
DESTINATARIOS	Persoas físicas de empadroados en Ames que sexan deportistas federados de deporte de base exclusivamente na modalidade de deporte individual
PAZO CONSECUCIÓN OBXECTIVOS	2026-2027
CUSTE ANUAL PREVISTO 2026	10.000,00
CUSTE ANUAL PREVISTO 2027	10.000,00
FUNCIONAL	341
ECONÓMICA	48928
FINANCIAMENTO	Fondos propios con cargo á funcional sinalada
PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN	Concorrenza competitiva

Figura no expediente informe proposta da concellaría de deportes
([CSV:15220IDOC2AE8281B3DFA5B34CA3](#))

Figura no expediente informe de secretaria e informe de fiscalización favorable da Intervención municipal FRB202600206-F ([CSV:15220IDOC23FE98EEDF4886442A2](#))

Por todo o exposto, a Xunta de Goberno Local, previa delegación do alcalde (decreto 1983/2023 BOP nº 120 do 26.06.2023), por unanimidade dos seus membros presentes, adopta os seguintes acordos:

Primeiro. Aprobar as bases reguladoras da convocatoria para a concesión de bolsas destinadas a deportistas do Concello de Ames no exercicio 2026, que figuran como Anexo I deste acordo.

Segundo. Aprobar a convocatoria para a concesión de bolsas destinadas a deportistas do Concello de Ames no exercicio 2026.

Terceiro. Aprobar o gasto por importe de 10.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 341.48923 do orzamento municipal do exercicio 2026.

Cuarto. Ordenar a publicación do Acordo seguindo o procedemento establecido no artigo 20.8 da LXS, a través do envío do extracto da convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións quen o remitirá ao Boletín Oficial da Provincia da Coruña. As bases publicaranse integramente na páxina web do Concello de Ames.

Quinto. Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais afectados aos efectos oportunos.

Sexto. Facultar ao alcalde do Concello de Ames para cantas actuacións sexan precisas para a mellor execución do acordado.

ANEXO I

BASES DA CONVOCATORIA DE BOLSAS PARA DEPORTISTAS DO CONCELLO DE AMES NO ANO 2026

Datos do programa:

Concellería	Deportes
Anualidade	2026
Denominación	Bolsas para deportistas do Concello de Ames
Beneficiarios	Deportistas federados/as do Concello
Aplicación orzamentaria	341.48923
Importe de a convocatoria	10.000 €
Importe de a subvención que se vai a conceder	Máximo de 700 € por deportista

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Ames, no marco das súas competencias en materia de deportes (artigo 25 da LRBRL), destina importantes recursos á actividade de fomento, principalmente mediante a concesión de axudas económicas orientadas á promoción do deporte no municipio, coa finalidade de axudar á práctica e ao rendemento deportivo, tanto en relación ao perfeccionamento técnico e á obtención de maior rendemento nas respectivas modalidades deportivas, como facilitando a súa participación en competicións deportivas de alto nivel.

1.- BASES XERAIS

O Concello de Ames aprobou a Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ames, que recolle o contido xeral das bases das subvenciones convocadas polo Concello (Boletín Oficial da Provincia número 23, do 4 de febreiro de 2025).

2.- BASES ESPECÍFICAS

BASE 1.- OBXECTIVOS DA CONVOCATORIA

Esta convocatoria ten por obxecto establecer os criterios e procedementos para a concesión de subvencións, destinadas a promover e apoiar o deporte de carácter individual de deportistas federados/as con talento, especialmente nas etapas de formación, veciños/as do Concello de Ames, todo iso de acordo cos principios de obxectividade, concorrencia e publicidade, conforme ao disposto na Lei 7/1985, do 2 de abril reguladora das bases do réxime local, na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, na Lei 38/2003, do 17 de

novembro, xeral de subvencións e no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento, na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como no Decreto do 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de servizos das corporacións locais.

A través da presente convocatoria, desde a Concellaría delegada de Deportes, propónse a consecución dos seguintes obxectivos:

1.1 OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS OU DE PRIMEIRO NIVEL

Estas bolsas pretenden apoiar aos/as deportistas individuais de Ames, como medio para promover o deporte do municipio e, desta forma, conseguir logros deportivos para o Concello.

1.2 OBXECTIVOS INSTRUMENTAIS OU DE SEGUNDO NIVEL

Con estas bolsas preténdese axudar á práctica e ao rendemento deportivo, tanto en relación ao perfeccionamento técnico e á obtención de maior rendemento nas respectivas modalidades deportivas, como facilitando a súa participación en competicións deportivas de alto nivel.

BASE 2.- RÉXIME XURÍDICO

O marco normativo polo que se establecen as subvencións concedidas polo Concello de Ames esta constituído polas leis e disposicións que se citan a continuación e polas súas normas de desenvolvemento, así como por cantas outras normas, legais ou regulamentarias, que conteñan prescricións relativas ás subvencións ou sexan susceptibles de producir efectos no devandito ámbito:

1. Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.
2. Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
3. Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
4. Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.
5. Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
6. Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
7. Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
8. Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística.
9. Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
10. Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
11. Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.
12. Regulamento (UE) nº 1407/2013, da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis.
13. Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ames (Boletín Oficial da Provincia núm. 23, do 4 de febreiro de 2025).
14. Bases de execución do orzamento vixente do Concello de Ames.
15. Ordenanza de impulso do uso do galego no Concello de Ames do 1 de xullo de 2006 (Boletín Oficial da Provincia núm. 198, do 29 de agosto de 2006).

BASE 3.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN

A presente convocatoria de bolsas ten por obxecto apoiar a práctica e ao rendemento deportivo, así como posibilitar a participación dos/as deportistas do Concello en eventos deportivos, facilitándolles o acceso a unha preparación integral idónea.

Ten a consideración de deporte de “carácter individual” todo aquel deporte que, segundo a súa regulamentación, é practicado por unha ou dúas persoas como máximo.

Só será subvencionable unha única modalidade deportiva por solicitante e convocatoria.

BASE 4.- FINANCIAMENTO E CRÉDITOS ORZAMENTARIOS

O importe da consignación ascende a un total de 10.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 341.48923 do orzamento vixente para 2026.

O importe individual das axudas concedidas ao amparo desta convocatoria non poderá superar os 700 €.

BASE 5.- BENEFICIARIOS/AS

Poderán optar a estas subvencións os deportistas de entre 12 e 23 anos, veciños/as de Ames, federados/as en deportes de carácter individual, pertencentes a algunha das disciplinas olímpicas (ou non olímpicas, previa valoración da súa inclusión).

5.1. Requisitos xerais:

As persoas beneficiarias de subvencións convocadas polo Concello de Ames deberán cumprir en todo caso os seguintes requisitos:

1. Non estar incurso/a en ningún dos supostos aos que se refiren os apartados 2 e 3 do artigo 13 de la Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
2. Estar ao corrente das obrigas coa Axencia Tributaria, coa Seguridade Social e das débedas tributarias e demais ingresos de dereito público co Concello de Ames.
3. Non ter pendente a xustificación dalgunha subvención anterior, a non ser que lles fose concedida unha prórroga.

5.2. Requisitos específicos da convocatoria:

- Ter condición de deportista na práctica dalgún deporte olímpico ou non olímpico. Este requisito acreditarase mediante certificado de licenza expedido pola federación correspondente.
- Estar empadroado no Concello de Ames, cunha antigüidade mínima de dous anos, desde o momento da solicitude da bolsa. A residencia acreditarase mediante a presentación do correspondente certificado ou volante de empadramento, salvo que se autorice a consulta por parte do Concello, segundo o disposto no Anexo 2 destas bases. A data de expedición do certificado ou volante será posterior á da publicación das bases reguladoras no BOP.
- Ter licenza federativa, durante o ano 2026. Este requisito acreditarase mediante certificado de licenza expedido pola federación correspondente.
- Acreditar nivel deportivo na modalidade practicada e ter proxección nas previsións de futuro. Este requisito acreditarase mediante certificación federativa onde figuren as competicións oficiais nas que participou e o resultado obtido no ano 2025.
- Non estar a cumprir sanción firme por infracción disciplinaria ou administrativa en materia deportiva, cualificada como grave ou moi grave. Este requisito acreditarase mediante declaración responsable incluída no anexo 2.
- Non poderán obter a condición de persoa beneficiaria os/as deportistas que participen en competicións de carácter oficial por equipos en formato de ligas regulares.
- Idade dos/as deportistas: dos 12 aos 23 anos (persoas deportistas nadas desde o 1 de xaneiro de 2003 ata o 31 de decembro do 2014).

5.3. Obrigas das persoas solicitantes

- Todas as persoas deportistas que obteñan bolsa deberán publicitar a axuda utilizando o logo do Concello de Ames.
- No caso das persoas deportistas menores de idade, a persoa solicitante será sempre o/a menor, e a persoa representante (persoa que obrigatoriamente presenta a solicitude e a documentación) será o pai, nai ou titor legal do/a menor, que, ademais, responsabilizarase de todas as obrigas derivadas de que o seu fillo ou filla sexa titular/beneficiario/a da bolsa.

BASE 6.- GASTOS SUBVENCIONABLES

Estas axudas concédense en atención á concorrencia dunha determinada situación no perceptor ou perceptora polo que só se esixe a acreditación por calquera medio admisible en dereito desta situación.

BASE 7.- COMPATIBILIDADES E EXCLUSIÓN

Estas bolsas serán compatibles con outras axudas públicas ou privadas para a mesma finalidade, que lle deberán ser

DATA DE SINATURA: 20/03/2026
HASH DO CERTIFICADO: 5F7367E3E1A5792D3CE5CF85E18BD81333F0F4D2
B037CE7746E00042B821F27361C8D6743263E368

POSTO DE TRABAJO:
Secretaría accidental
Alcalde_Ames

NOME:
PARDÓ MARTÍNEZ, ROGELIO
GARCÍA PIÑERO, JOSÉ BLAS

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC250B3FB7F6911404293

comunicadas ao Concello de Ames (no anexo 1).

BASE 8.- PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA E PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

8.1. Publicidade da convocatoria

O extracto da convocatoria publicarase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña previa remisión do mesmo á Base de Datos Nacional de Subvencións, de conformidade co establecido nos artigos 17.3.b e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

As bases xunto coa convocatoria desta subvención publicaranse na páxina web do Concello de Ames e remitiranse tamén á Base de Datos Nacional de Subvencións.

8.2. Prazo de presentación

O prazo para presentar as solicitudes será dun MES (1 mes) a contar desde o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña. En caso de finalizar nun día inhábil, este prazo entenderase prorrogado ata o inmediato hábil seguinte.

8.3. Lugar de presentación

A solicitude, xunto coa documentación que corresponda, poderá presentarse:

- Rexistro telemático a través da sede electrónica do Concello (<https://sede.concellodeames.gal>)
- Nas oficinas de rexistro do Concello de Ames localizadas na casa do Concello en Bertamiráns e na oficina municipal do Milladoiro.
- A través de calquera outro dos medios aos que se refira o artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das AAPP.

8.4 Documentación

As solicitudes deberán presentarse nos modelos normalizados que figuran como anexos ás presentes bases:

- Anexo 1: impreso normalizado da solicitude da bolsa.
- Declaración doutras axudas percibidas no seu caso para a mesma finalidade (incluída no anexo 1).
- Proxecto deportivo para tempada actual (incluído no anexo 1).
- Declaración xurada de estar ao corrente das débedas tributarias e demais ingresos de dereito público co Concello de Ames, así como das obrigas coa Axencia Tributaria e coa Seguridade Social (anexo 2). Respecto a estar ao corrente coas obrigas co Concello de Ames, poderá ser obxecto de consulta por parte do Concello, sen necesidade de presentar certificación se así o autoriza a persoa solicitante.
- Copia do Documento Nacional de Identidade.
- Certificado de ter licenza en vigor nesta tempada expedido pola federación correspondente que conste o histórico de licenzas tramitadas.
- Certificación federativa onde figuren as competicións oficiais nas que participou e o resultado obtido no ano 2025 (currículo deportivo).
- Certificación bancaria da conta na que teña que efectuarse o ingreso da subvención.
- No caso de ser Deportista Galego/a de Alto nivel ou Deportista de Rendemento de Base achegarse a última resolución publicada no DOG da Secretaría Xeral para o Deporte onde figure o recoñecemento de Deportista Galego/a de Alto nivel ou Deportista de Rendemento de Base e a súa vixencia.
- Certificado de inscrición no Padrón Municipal de habitantes con antigüidade, no caso de non autorizar ao Concello a súa consulta.

Para o caso de menores de idade, a persoa solicitante será sempre o/a menor, e a persoa representante (persoa que obrigatoriamente que presenta a solicitude neste caso) será o pai, nai ou titor legal do/da menor, que, ademais, responsabilizarase de todas as obrigas derivadas de que o seu fillo ou filla sexa titular/ beneficiario/a da bolsa.

Os/as deportistas que se demostre que non achegaron datos reais poderán perder a totalidade da bolsa concedida. Estes datos poderán ser contrastados coas federacións correspondentes.

A inscrición no Padrón municipal do Concello de Ames e a súa antigüidade comprobaranse de oficio no caso que se autorice no modelo correspondente.

BASE 9.- COMPROMISOS E OBRIGAS DOS/AS BENEFICIARIOS/AS

As persoas beneficiarias de subvencións concedidas polo Concello quedarán obrigadas ao seguinte:

- O/a beneficiario/a deberá practicar a súa modalidade deportiva acudindo aos adestramentos correspondentes e participando nas probas ou encontros deportivos aos que se lle convoque, no ano 2026.
- Cumprir a finalidade e os obxectivos, executar o proxecto, realizar as actividades e adoptar un comportamento que fundamente a concesión da subvención.
- Someterse a todas as actuacións que o Concello poida acordar para comprobar que os fins aos que se dedica a bolsa se corresponden cos fins para os que se solicita e se concedera a axuda, e para comprobar se se cumpren todas as condicións esixidas para a súa concesión.
- Comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración Pública, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, que financien as actividades ou proxectos subvencionados. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se teña coñecemento das devanditas circunstancias.
- Reintegrar os fondos percibidos nos supostos que procedan.
- O/a beneficiario/a que perciba esta subvención tamén se comprometerá a participar no acto conmemorativo municipal da entrega das bolsas, salvo que argumente a súa ausencia debido a unha causa xustificada.

BASE 10.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

A concesión da subvención realizarase en réxime de concorrència competitiva.

10.1. Instrución

1. A instrución do procedemento de concesión das subvencións corresponde á Concellaría delegada en materia de Deportes, que terá o carácter de órgano instructor para os efectos indicados na normativa reguladora das subvencións públicas.

2. O órgano instructor realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude aos cales se debe formular a proposta de resolución.

3. De conformidade co disposto no artigo 24.3 da Lei xeral de subvencións, as actividades de instrución comprenderán as que se indican a continuación:

- Petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos por esta convocatoria específica e as demais normas que regulan esta subvención.
- Avaliación das solicitudes ou peticións, efectuadas de conformidade cos criterios, formas e prioridades de valoración establecidos na base 10.3.

4. Se a solicitude de subvención non reúne os requisitos establecidos por esta convocatoria, incluído o defecto, erro ou ausencia nos datos da solicitude e/ou na documentación presentada, o órgano instructor requirirá ao interesado para que emende a falta ou presente os documentos preceptivos, nun prazo máximo de 10 días hábiles, indicándolle que se non o fixese teráselle por desistido da súa solicitude, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

5. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, en calquera fase do procedemento anterior á proposta de resolución, poderase requirir á persoa solicitante que presente a información e documentación aclaratoria e complementaria que se considere conveniente para a correcta definición, avaliación e comprobación da solicitude presentada.

6. O órgano instructor deberá emitir informe no que conste que da información que obra no seu poder despréndese que as persoas beneficiarias cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás subvencións reguladas nesta

DATA DE SINATURA: 20/03/2026
HASH DO CERTIFICADO: 5F7367E3E1A5792D3CE5CF85E18BD81333F0F4D2
B037CE7746E00042B821F27361C8D6743263E368

POSTO DE TRABAJO: Secretario accidental
Alcalde_Ames

NOME: PARDÓ MARTÍNEZ, ROGELIO
GARCÍA PIÑEIRO, JOSÉ BLAS

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC250B3FB7F6911404293

convocatoria.

7. O órgano instrutor, á vista do expediente e do informe da Comisión Avaliadora, formulará a proposta de resolución debidamente motivada.

10.2. Comisión avaliadora

A Comisión Avaliadora estará integrada polos seguintes membros:

Presidente/a	-O alcalde
Vogais	-A concelleira delegada de Deportes. -O animador deportivo, que actuará igualmente como secretario de a comisión.

A Comisión Avaliadora deberá facer unha valoración e asignación de puntos a cada solicitude presentada, aplicando os criterios de valoración establecidos no apartado seguinte (10.3)

10.3. Criterios de valoración das solicitudes.

A valoración das solicitudes realizarase atendendo aos seguintes criterios:

- **PALMARÉS 2025:** Valórase unicamente o mellor resultado alcanzado pola persoa deportista atendendo ao seguinte baremo:

- **Categoría autonómica (campionatos galegos oficiais):**

3º posto: 3 puntos

2º posto: 4 puntos

1º posto: 5 puntos

- **Categoría nacional (campionatos de España oficiais):**

Do 4º ou 10º posto: 4 puntos

3º posto: 6 puntos

2º posto: 7 puntos

1º posto: 8 puntos

- **Categoría internacional (campionatos oficiais):**

Do 4º ao 10º posto: 15 puntos

3º posto: 20 puntos

2º posto: 25 puntos

1º posto: 30 puntos

* Só serán puntuables os resultados obtidos de forma individual nos campionatos da súa disciplina.

- **CONTINUIDADE:** Valoración en función dos anos de práctica dos deportistas, éxitos pasados e mantemento do deportista na alta competición nos seus respectivos deportes e categorías:

3 ou máis anos: 3 puntos

1-2 anos: 1 punto

- **DEPORTE OLÍMPICO:** 2 puntos por estar federado/a nunha modalidade olímpica.

- **Competir cun club do Concello de Ames:** 2 puntos

Ser Deportista Galega/o de Alto nivel ou Deportista de Rendemento de Base recoñecida/o pola Secretaría Xeral para o Deporte, no momento da publicación das bases desta convocatoria: 5 puntos

- Para poder optar a estas axudas será requisito obrigatorio que os e as solicitantes obteñan un mínimo de 3 puntos no apartado palmarés 2025, e de **6 puntos no total**.

Poderanse realizar de oficio as actuacións que se estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos presentados polas persoas deportistas, en virtude dos cales formularase a proposta de concesión de bolsas.

10.4. Determinación do importe da subvención concedida

Concederanse bolsas cun valor máximo de 700 € cada unha delas cun crédito máximo de 10.000 €.

O importe da subvención concedida a cada deportista determinarase segundo a seguinte fórmula:

Contía da axuda concedida = Puntos obtidos na valoración da solicitude * Valor do punto.

O valor punto calcularase segundo a seguinte fórmula:

Valor punto = Crédito total a distribuír / Total de puntos obtidos por todas as valoracións de todos/as os/as deportistas.

Unha vez obtido o valor punto en euros multiplicarase polos puntos obtidos por cada unha das solicitudes, coa seguinte limitación: 700 euros por solicitude.

No caso de que aplicando o límite por axuda (700 €), quede un sobranse, este sobranse repartirase volvendo a calcular un valor punto, que será o resultado de dividir o importe sobranse entre a suma de todos os puntos daquelas solicitudes subvencionables que non alcanzasen o seu límite no apartado anterior.

No caso de que resultase de novo un sobranse procederase de igual maneira.

10.5. Resolución

Logo da preceptiva fiscalización do órgano interventor sobre a proposta realizada polo servizo instructor, a Alcaldía ou o órgano a favor do cal a Alcaldía efectuase a correspondente delegación, ditará resolución definitiva.

A resolución da concesión deberá conter a relación de solicitudes estimadas, desestimadas, desistidas e non admitidas a trámite.

As resolucións que estimen as solicitudes expresaranse en relación con cada unha delas ou obxecto da subvención outorgada, a contía concedida, o coeficiente de financiamento correspondente e o orzamento subvencionado. As que desestimen as solicitudes ou as inadmitidas a trámite motivarán debidamente esta circunstancia.

A falta de resolución expresa en prazo implicará a desestimación da solicitude de subvención, sen prexuízo do indicado no artigo 24 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

10.6. Prazo de resolución e notificación

A súa resolución notificaráselle a todos os solicitantes no prazo máximo dun mes desde o final do prazo de presentación de solicitudes, expresando, de maneira motivada, se foi desestimada ou estimada a solicitude, para os efectos de posibles recursos.

A notificación efectuarase nos termos establecidos no artigo 42 da lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

10.7. Recursos

A resolución ditada poñerá fin á vía administrativa e contra a mesma caberá interpoñer ben recurso contencioso-administrativo, ou ben, potestativamente e con carácter previo a este, recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou. A presentación do recurso de reposición poderá efectuarse no prazo sinalado no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (un mes desde a notificación da resolución da concesión da subvención). A interposición do recurso contencioso administrativo poderá efectuarse no prazo indicado no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (dous meses desde a notificación da resolución de concesión da subvención).

10.8. Aceptación ou renuncia á subvención

No prazo de dez (10) días naturais seguintes ao da notificación da resolución, os/as beneficiarios/as das subvencións deberán comunicarlle ao Concello de Ames, por escrito, a aceptación ou renuncia á mesma. Se transcorrido ese prazo non se fixese manifestación expresa en ningún sentido, entenderase tacitamente aceptada a subvención concedida.

BASE 11.- XUSTIFICACIÓN E PAGO

DATA DE CERTIFICADO: HASH DO CERTIFICADO:
20/03/2026 5F7367E3E1A5792D3CE5CF85E18BD81333F0F4D2
20/03/2026 B037CE7746E00042B821F27361C8D6743263E368

POSTO DE TRABALLO:
Secretaría accidental
Alcalde_Ames

NOME:
PARDÓ MARTÍNEZ, ROGELIO
GARCÍA PIÑEIRO, JOSÉ BLAS

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC250B3BF7F6911404293

11.1 Xustificación.

Ao amparo do previsto no artigo 28.9 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as subvencións que se concedan en atención á concorrencia dunha determinada situación no perceptor ou perceptora non requirirán outra xustificación que a acreditación por calquera medio admisible en dereito desta situación previamente á concesión, sen prexuízo dos controis que poidan establecerse para verificar a súa existencia.

En consecuencia, nesta convocatoria non se esixirá a presentación dunha xustificación por parte dos beneficiarios/as.

11.2. Pago

O pago farase efectivo unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos indicados nas bases reguladoras e realizárase, con carácter xeral, nun pago único.

Emitida resolución de pago, a tesourería preparará a orde de transferencia correspondente a favor da conta bancaria designada polo/a beneficiario/a.

No caso de non estar ao corrente coas súas obrigas coa Facenda Pública, Seguridade Social e Concello de Ames advertirase ao/á beneficiario/a de que non se procederá ao pago e concederá un prazo de 3 meses para xustificar que ten regularizada a súa situación. De non presentar a xustificación no indicado prazo declararase a perda do dereito á subvención outorgada.

BASE 12.- REINTEGRO DA SUBVENCIÓN

As subvencións serán reintegradas nos supostos previstos no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

BASE 13.- RÉXIME SANCIONADOR

A persoa beneficiaria quedará sometida as responsabilidades e réxime sancionador disposto na Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ames.

BASE 14.- ÓRGANOS DE CONTROL DAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS

As persoas beneficiarias de subvencións concedidas polo Concello quedarán obrigadas a someterse aos procedementos de controis ou auditoría que se realicen polos seus propios medios ou a través de empresas colaboradoras á Intervención municipal, ao Consello de Contas de Galicia, ao Tribunal de Contas e a calquera outro órgano de control interno ou externo, nacional ou europeo.

BASE 15.- CONTROL POSTERIOR POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL

O control posterior das subvencións concedidas axustarase ao que cada ano se recolla no Plan Anual de Control Financeiro aprobado polo órgano interventor.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA.- PUBLICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS E INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS

Para os efectos da salvagarda do dereito dos participantes na presente convocatoria á protección dos seus datos de carácter persoal, nos termos previstos na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, faise constar que os datos das subvencións concedidas quedarán incorporados ao rexistro público de subvencións, nos seguintes termos:

a) En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación dos beneficiarios/as serán remitidos á Intervención Xeral da Administración do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

A cesión de datos de carácter persoal que, en virtude do contido no citado artigo debe efectuarse á Intervención Xeral da Administración do Estado non requirirá o consentimento do afectado.

Segundo o artigo 30 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a publicidade das subvencións realizarase de acordo co establecido para a publicidade de subvencións e axudas públicas da Base de Datos Nacional de Subvencións.

b) En cumprimento do disposto no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello facilitará á Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia información sobre as subvencións xestionadas polo Concello, nos termos previstos regulamentariamente.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA.- PROTECCIÓN DE DATOS

O Concello de Ames é o responsable do tratamento dos datos persoais que consten no expediente da convocatoria destas axudas. Os datos serán tratados coa finalidade específica da tramitación da convocatoria de bolsas para deportistas do Concello de Ames no exercicio 2026, a verificación dos datos achegados na solicitude e dar publicidade ao resultado, de conformidade coa regulación establecida no Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais disposicións de aplicación.

Conforme ao artigo 6 do Regulamento 2016/679, a lexitimación do tratamento está baseada na realización dunha misión en interese público fundamentada na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o cumprimento dun deber legal establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O prazo de conservación dos datos dependerá do especificado para cada tratamento de datos persoais ou os que legalmente sexan de obrigado cumprimento.

Os datos da subvención concedida e a identificación dos/das beneficiarios/as serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no artigo 20 da Lei 38/2003, xeral de subvencións. Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o Concello facilitará á Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia información sobre as subvencións xestionadas polo Concello, nos termos previstos regulamentariamente.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento, así como a opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís ou retirar o consentimento outorgado, mediante solicitude por escrito presentada no rexistro municipal do Concello (Praza do Concello, nº 2, 15.220, Bertamiráns - Ames) ou por calquera outro rexistro dos establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, e na que especificará cal destes solicita sexa satisfeito. A retirada do consentimento non afectará á licitude do tratamento baseada no consentimento previo á súa retirada.

Máis información en <https://www.concellodeames.gal/gl/atencion-cidada/proteccion-datos-persoais>

DISPOSICIÓN FINAL

Para o non previsto nesta convocatoria serán de aplicación as normas incluídas na Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ames, nas Bases de execución do orzamento xeral do Concello, na Lei 38/2003, xeral de subvencións e no seu Regulamento e na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

DATA DE SINATURA: 20/03/2026
HASH DO CERTIFICADO: 5F7367E3E1A5792D3CE5CF85E18BD81333F0F4D2
B037CE7746E00042B821F27361C8D6743263E368

POSTO DE TRABALLO:
Secretaría accidental
Alcalde_Ames

NOME:
PARDÓ MARTÍNEZ, ROGELIO
GARCÍA PIÑEIRO, JOSÉ BLAS

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC250B3FB7F6911404293

CONVOCATORIA DE BOLSAS PARA DEPORTISTAS DO CONCELLO DE AMES NO ANO 2026

ANEXO 1: SOLICITUDE DA BOLSA

Nota.- Xunto con este anexo 1 cuberto en todos os seus apartados e asinado, as persoas solicitantes deberán achegar igualmente:

- Anexo 2, cuberto en todos os seus apartados e asinado.
- Copia do Documento Nacional de Identidade.
- Certificado de ter licenza en vigor nesta tempada expedido pola federación correspondente no que conste o histórico de licencias tramitadas.
- Certificación federativa onde figuren as competicións oficiais nas que participou e o resultado obtido no ano 2025 (currículo deportivo).
- Certificación bancaria da conta na que teña que efectuarse o ingreso da subvención.
- No caso de non autorizar ao Concello a comprobación, deberán achegar certificación de estar ao corrente das obrigas coa Axencia Tributaria, Concello e Tesourería Xeral da Seguridade Social.
- No caso de non autorizar ao Concello a comprobación, deberán achegar certificado da inscrición no Padrón Municipal de habitantes no que conste a data de antigüidade.

No caso de persoas menores de idade (representante legal): ☐ Pai ☐ Nai ☐ Titor

Nome e apelidos (representante legal)		NIF	
Enderezo		Municipio	
Enderezo electrónico		Teléfono	

Actuando en representación de:

Nome e apelidos do/a deportista		NIF	
Enderezo		Municipio	
Enderezo electrónico		Teléfono	

Tendo coñecemento da liña de axudas convocada polo Concello de Ames para a convocatoria de bolsas para deportistas no ano 2026, SOLICITO ao amparo desta convocatoria a concesión da posible axuda.

PROXECTO DEPORTIVO para a tempada actual (2026) para a que se solicita a axuda, así como o fin ou obxecto que se espera alcanzar, de maneira que resulte posible contrastar a súa efectiva consecución. No caso de que o espazo ofrecido neste cadro non sexa suficiente, poderán empregarse os documentos adicionais necesarios, e estes documentos adicionais presentaranse xunto con esta solicitude.

AXUDAS SOLICITADAS PARA A MESMA FINALIDADE DESTA CONVOCATORIA	IMPORTE
TOTAL	

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Concello de Ames
Finalidades do tratamento	A finalidade específica desta convocatoria é levar a cabo a tramitación administrativa que derive da convocatoria de bolsas para deportistas do Concello de Ames no exercicio 2026, verificar os datos achegados e dar publicidade ao resultado.
Lexitimación para o tratamento	Cumprimento dunha misión realizada en interese público fundamentada na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o cumprimento dunha obriga legal recollida na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
Destinatarios dos datos	Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou por obriga legal. Base de Datos Nacional de Subvencións e Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como a opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís ou retirar o consentimento outorgado, mediante solicitude por escrito presentada no rexistro municipal do Concello (Praza do Concello, nº 2, 15.220, Bertamiráns - Ames) ou por calquera outro rexistro dos establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, e na que especificará cal destes solicita sexa satisfeito. A retirada do consentimento non afectará á licitude do tratamento baseada no consentimento previo á súa retirada.
Contacto delegado/a de protección de datos e información adicional	https://www.concellodeames.gal/gl/atencion-cidada/proteccion-datos-persoais

Ames, _____ de _____ de 2026.

O/a representante legal

O/a solicitante

DATA DE SINATURA: HASH DO CERTIFICADO:
20/03/2026 5F7367E3E1A5792D3CE5CF85E18BD81333F0F4D2
20/03/2026 B037CE7746E00042B821F27361C8D6743263E368

POSTO DE TRABALLO:
Secretaría accidental
Alcalde_Ames

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC250B3FB7F6911404293

NOME:
PARDO MARTINEZ, ROGELIO
GARCIA PIÑERO, JOSE BLAS

CONVOCATORIA DE BOLSAS PARA DEPORTISTAS DO CONCELLO DE AMES NO ANO 2026

ANEXO 2: DECLARACIÓN RESPONSABLE

No caso de deportistas menores de idade (representante legal): ☐ Pai ☐ Nai ☐ Titor

Nome e apelidos (representante legal)		NIF	
Enderezo		Municipio	
Enderezo electrónico		Teléfono	

Actuando en representación de:

Nome e apelidos do/da deportista		NIF	
Enderezo		Municipio	
Enderezo electrónico		Teléfono	

Aos efectos do previsto no artigo 69 da Lei 39/2015, de procedemento administrativo común das administracións públicas, do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do artigo 24 do Real decreto 887/06, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións.

En relación ao proxecto para o que se solicita unha axuda do Concello de Ames ao amparo da convocatoria sinalada no encabezamento deste documento, formulo o seguinte:

DECLARACIÓN RESPONSABLE:

a) Que acepto as bases da convocatoria.

b) Que eu ou a persoa representada por min está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e co Concello de Ames, e non está incurso en ningunha outra causa que supoña ou poida supoñer obstáculo legal para o seu acceso á condición de beneficiario/a dunha axuda ao amparo da presente convocatoria, comprometéndose a manter esta situación durante a completa resolución do expediente.

c) Que eu ou a persoa representada por min non estou/está incurso/a en ningunha circunstancia que impida o acceso á condición de beneficiario/a dunha achega pública.

d) Que non obstante ao anterior, para a tramitación desta solicitude:

☐ AUTORIZO ao Concello de Ames para comprobar a veracidade da anterior declaración tanto na Axencia Estatal da Administración Tributaria como na Tesourería Xeral da Seguridade Social e no propio Concello.

☐ NON AUTORIZO ao Concello de Ames para comprobar a veracidade da anterior declaración tanto na Axencia Estatal da Administración Tributaria como na Tesourería Xeral da Seguridade Social e no propio Concello.

No caso de opoñerse á comprobación deberá presentar a documentación necesaria para a xestión do trámite.

e) Que co fin de comprobar o requisito da inscrición no Padrón municipal e a súa antigüidade:

☐ Autorizo ao Concello de Ames a consultar os datos no Padrón municipal.

☐ Opoñoome a que o Concello de Ames consulte os meus datos no Padrón municipal.

No caso de opoñerse á comprobación deberá aportar un certificado de empadramento no que figure a antigüidade.

f) Que me someto ás actuacións de comprobación e á achega da documentación que o Concello de Ames poida acordar para comprobar que as actuacións ás que se dedica a subvención, no caso de ser con cedida, se corresponden cos fins para os que se solicita.

g) Que o deportista non está a cumprir sanción firme por infracción disciplinaria ou administrativa en materia deportiva, cualificada como grave ou moi grave.

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Concello de Ames

Finalidades do tratamento	A finalidade específica desta convocatoria é levar a cabo a tramitación administrativa que derive da convocatoria de bolsas para deportistas do Concello de Ames no exercicio 2026, verificar os datos achegados e dar publicidade ao resultado.
Lexitimación para o tratamento	Cumprimento dunha misión realizada en interese público fundamentada na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o cumprimento dunha obriga legal recollida na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
Destinatarios dos datos	Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou por obriga legal. Base de Datos Nacional de Subvencións e Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como a opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís ou retirar o consentimento outorgado, mediante solicitude por escrito presentada no rexistro municipal do Concello (Praza do Concello, nº 2, 15.220, Bertamiráns - Ames) ou por calquera outro rexistro dos establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, e na que especificará cal destes solicita sexa satisfeito. A retirada do consentimento non afectará á licitude do tratamento baseada no consentimento previo á súa retirada.
Contacto delegado/a de protección de datos e información adicional	https://www.concellodeames.gal/gl/atencion-cidada/proteccion-datos-persoais

Ames, _____ de _____ de 2026.

O/a representante legal

O/a solicitante

E para que conste e produza os efectos oportunos, expido a presente certificación co visto e prace do alcalde, advertindo que a acta da sesión correspondente está pendente de aprobación. A data será a da sinatura dixital.

Visto prace

O alcalde

José Blas García Piñeiro

O secretario accidental

José Rogelio Pardo Martínez

HASH DO CERTIFICADO: 5F7367E3E1A5792D3CE5CF8E18BD81333F0F4D2
 B037CE7746E00042B821F27361C8D6743263E368
 DATA DE SINATURA: 20/03/2026
 20/03/2026
 POSTO DE TRABALLO: Secretario accidental
 Alcalde_Ames
 Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - https://sede.concellodeames.gal - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC250B3FB7F6911404293

NOME:
 PARDÓ MARTÍNEZ, ROGELIO
 GARCÍA PIÑEIRO, JOSÉ BLAS